

## BASES DO I CONCURSO “TIKTOKERS POLA IGUALDADE” DE VIANA DO BOLO

### 1. ENTIDADE ORGANIZADORA

O Concello de Viana do Bolo, a través do Centro de Información a Muller (CIM), con domicilio na Rúa Constitución nº 14, Viana do Bolo (Ourense) C.P. 32550 e o CIF nº P32087001- , en diante, “A Organización”.

### 2. OBXETO

O Concurso ten como obxectivo, o estímulo da mocidade, mediante a realización de un vídeo a través da app TikTok, da reflexión e a capacidade creativa na seguinte temática: o rexeitamento e a prevención da violencia machista, a igualdade de xénero e as relacións afectivas saudables entre mozas e mozos.

Polo tanto, a modo de exemplo, a temática dos vídeos poderán facer referencia as relacións afectivas saudables entre mulleres e homes, o rexeitamento e a prevención da violencia machista, a igualdade no deporte, no ámbito laboral e nas tarefas domésticas, empoderamento feminino, detección de micromachismos, etc.

### 3. POBOACIÓN DESTINATARIA

Persoas empadroadas e residentes no municipio de Viana do Bolo, de calquera idade.

### 4. PERIODO DE INSCRICIÓN E PARTICIPACIÓN

O período de inscrición ábrese o vindeiro día 21 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022 as 14:00 h.

A participación será individual, anque no vídeo poden participar máis persoas. Será necesario inscribirse a través do seguinte FORMULARIO e que deberás remitirnos o seguinte correo: [cimviana@gmail.com](mailto:cimviana@gmail.com)



Os menores de 14 anos, deben entregar AUTORIZACIÓN cumprimentada e firmada pola súa nai/pai/titor-a legal (LO 3/2018, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais), para así formalizar a súa inscrición. A autorización e o formulario de solicitude, poderán atoparse na páxina de Facebook do CIM (Cim VdB-Viana do Bolo).

## 5. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

a) Os vídeos presentados solo poderán realizarse a través da aplicación TikTok, tendo en conta as normas de privacidade de dita plataforma e en especial cando se trate de menores.

b) Cada participante publicará o seu tiktok co hashtag: #VianadoBolo365díaspolaigualdade. É obrigatorio que conteña este hashtag para poder participar e ademais é IMPRESCINDIBLE que a túa conta sexa PÚBLICA (si é privada non poderemos ver o teu vídeo).

c) Cada participante poderá presentar un só vídeo. En caso de que algún participante presente máis de un vídeo, considerarase válido só o primeiro.

d) Ademais de publicar o vídeo en TikTok co hashtag indicado, cada participante deberá presentar a súa solicitude, e si é menor de 14 anos, deberá adxuntar a autorización anteriormente descrita.

e) O estilo é libre, poderá incluír monólogo, baile e efectos especiais, etc. Pero os vídeos deben responder á temática establecida para o concurso: o rexeitamento e a prevención da violencia machista, a igualdade de xénero e as relacións afectivas saudables entre mozas e mozos.

## 6. PREMIOS

Outorgaranse dous premios de dous bonos, un de 100€ e outro de 50€, para canxear integramente nun establecemento comercial de Viana co obxecto de favorecer o comercio local. Una vez confirmadas as persoas gañadoras, facilitaráselles un bono que deberá ser canxeado antes do día 31 de xaneiro de 2022.





A data de comunicación das persoas gañadoras será o 14 de xaneiro, publicando nas redes sociais do CIM e do Concello de Viana do Bolo. Tamén se lle avisará por teléfono.

## 7. XURADO

Será designado pola Organización e estará composto por representantes do Concello e especialistas en igualdade e violencia de xénero da área de Servizos Sociais, de algunha Asociación Local e especialistas en materia de creación e montaxe de vídeos.

O Xurado reservase o dereito de resolver todas as situacións non contempladas nestas bases, así como o dereito a declarar deserto o premio se non se consegue un mínimo de inscricións no concurso (5 persoas mínimo).

Os aspectos que se valorarán son os seguintes:

- a) Orixinalidade e creatividade
- b) Mensaxe e contido acorde a temática proposta
- c) Calidade técnica
- d) Aplicación da perspectiva de xénero

## 8. DIFUSIÓN

A Organización reservase o dereito da difusión dos vídeos presentados o concurso. Os traballos poderán publicarse nas distintas redes sociais do Concello de Viana do Bolo. O consentimento para publicar os vídeos outorgarase na inscrición.

## 9. ACEPTACIÓN DE BASES

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases, a conformidade absoluta coas decisións do xurado e a renuncia a calquera reclamación.

## 10. CESIÓN DE DEREITOS

O participar no concurso, a persoa candidata afirma que a súa obra é un traballo orixinal e individual, que é a única propietaria do traballo e que ningunha terceira persoa é





propietaria, ten copyright ou marca rexistrada da obra presentada, nin ostenta dereito algún de propiedade industrial ou intelectual sobre a obra presentada.

As persoas participantes eximen de calquera demanda ou reclamación formulada por parte de terceiros sobre vulneración de dereito algún de propiedade industrial ou intelectual relacionada coa obra presentada.

A participación no concurso implica a cesión o Concello de Viana do Bolo dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre as obras presentadas, de acordo coa lexislación sobre Propiedade Intelectual.

En Viana do Bolo, 21 de decembro de 2021

O alcalde, Abelardo Carballo Alonso

Documento asinado á marxe

